

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

FÍSICA E QUÍMICA

2021/ 2022

C.P.I. Cernadas de Castro

Índice

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
Nivel socioeconómico	4
Nivel sociocultural	4
Realidade sociolingüística	4
Marco Normativo	5
Composición do Departamento	5
2.- PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN: ACTIVIDADE PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL	6
Instrumentos e procedementos de avaliación adaptados ao ensino semipresencial e non presencial	8
Rúbrica xeral para a cualificación de tarefas presentadas online:	10
3.- COMPETENCIAS CLAVE NA ESO: CONTRIBUCION AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	10
a) Comunicación lingüística (CCL)	10
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).....	10
c) Competencia dixital (CD).....	10
d) Aprender a aprender (CAA)	11
e) Competencias sociais e cívicas (CSC)	11
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).....	11
g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)	11
4.- ESTÁNDARES MÍNIMOS DE APRENDIZAXE ESIXIBLES PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE. ...	11
FISICA E QUIMICA 2º ESO.....	12
TEMPORALIZACIÓN.....	12
PROGRAMACIÓN FISICA E QUIMICA 3º ESO	39
TEMPORALIZACION.....	40
FISICA E QUIMICA 4º ESO.....	52
TEMPORALIZACION.....	53
5.- OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....	71
7.1.- CONCRECION DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO.....	72
FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO.....	72
FÍSICA E QUÍMICA 3º ESO.....	74
FÍSICA E QUÍMICA 4º ESO.....	77
7.2.- CONCRECION DOS ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	78
6.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.....	78
Estratexias metodolóxicas: actividades e contextos de aprendizaxe.....	79
Contextos de aprendizaxe.....	80
Temporalización: consideracións xerais e propostas de modificación.....	80
7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	80
8.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	82
a) Procedementos e instrumentos de avaliación.....	82
b) Criterios de cualificación:.....	82
c) Sistema de cualificación final e promoción do alumnado:.....	83
d) Recuperacións.....	83
e) Propostas de mellora no proceso do ensino e a práctica docente.....	83

9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	83
10.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	84
11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL	86
Instrumentos	86
Aspectos fundamentais a diagnosticar individualmente.....	86
Aspectos fundamentais a diagnosticar globalmente en cada grupo	86
Medidas.....	86
12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL	87
Atención a alumnos e alumnas repetidores	87
Adaptacións curriculares significativas	87
Dificultades derivadas da fenda dixital.....	88
ACIS.....	88
13.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	88
14- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	89
15.- REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN	90
Indicadores para avaliar a programación	90
Modificacións dos aspectos procedimentais. Propostas de mellora.....	91

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

REFERENCIA AO PEC

Ubicación

O CPI Plurilingüe Cernadas de Castro está situado no Concello de Lousame, máis concretamente no lugar da Silva. É un municipio de 93,2 quilómetros cadrados, situado no interior da ría de Muros e Noia, con 3.338 habitantes (2019), o que lle dá unha densidade de 36 habitantes por quilómetro cadrado distribuídos en 83 entidades de poboación. Esa poboación distribúese polos vales fluviais, sen ningunha aglomeración urbana importante, constituíndo o concello menos habitado entre os que ocupan a península do Barbanza. Consta de 7 parroquias: Camboño, Lousame, Fruíme, Lesende, Tállara, San Xusto e Vilacoba. Todos estes datos fan do CPI Cernadas de Castro un centro educativo de carácter marcadamente rural, onde a dependencia do servizo de autobuses por parte do alumnado é case do 100%.

Nivel socioeconómico

Hai que dicir que aínda que este CPI está situado nunha zona rural non responde ó esquema habitual de zona rural agrícola, pois preto do 60% da poboación activa masculina ten como ocupación laboral algún traballo relacionado co sector secundario (industria). Aínda así, mantense unha relativa actividade relacionada coa economía de complemento (non remunerada e levada a cabo, sobre todo, polas mulleres e demais familiares): traballo das terras e coidado dos animais.

Nivel sociocultural

O nivel sociocultural é medio. O Concello de Lousame conta cos departamentos de Cultura, Xuventude e Deporte; o edificio da Casa da Cultura “Santeiro de Chave” alberga a biblioteca municipal, un salón de actos, unha aula de informática e a aula de Educación de Adultos. Dende ela organízanse os obradoiros que xiran en torno ó nadal, o entroido, o Día das letras galegas,... Entre as súas actividades destacan o teatro, a proxección de filmes, exposicións, actividades para a xuventude, cursos de informática,...

Tamén cabe sinalar a presenza de gran número de asociacións e agrupacións socioculturais, como por exemplo a que leva por nome “Xuventude de Cruído”, encargada principalmente da organización de festas gastronómicas e de verbenas.

En canto ó terreo deportivo, este concello conta coas seguintes instalacións : 1 pavillón cuberto e outro semicuberto, 7 pistas polideportivas, a piscina municipal e 3 campos de fútbol.

Características do alumnado

O alumnado provén do propio concello, agás un 25% que procede do Concello de Noia.

En xeral, ten hábitos de traballo e non existen desfases entre os seus niveis de coñecemento e as súas idades; ademais non presentan problemas de conduta nin afectivos susceptibles de mención. Unha porcentaxe pequena de alumnos, distribuídos entre tódolos niveis das distintas etapas que se imparten no centro, teñen unha adaptación curricular.

A situación social do alumnado é moi equilibrada. Non hai casos de marxinación social, alumnado doutras etnias, problemas de drogodependencia, alumnado baixo o sistema de protección de menores, alumnado de familias desarraigadas... Algúns casos puntuais de alumnos con algún tipo de carencia económica ou de problemática familiar específica (alcoholismo...), que xorden cada certo tempo, son tratados, despois dunha previa análise, informada polo Departamento de Orientación do centro, polos servizos sociais do concello (a educadora familiar e a traballadora social).

Realidade sociolingüística

A maioría do alumnado ten como lingua materna o galego e considera que esa é a lingua na que mellor se desenvolve. Os primeiros contactos co castelán tiveronos grazas á escola e ós amigos.

Os poucos que non aprenderon a falar galego (sobre todo fillos de emigrantes e nenos/as das vilas) afirman maioritariamente saber falalo agora. No referente ó ámbito educativo, se se lles imparten as clases na lingua vernácula, afirman comprendelas a inmensa maioría dos alumnos. De feito, tamén é esa a lingua vehicular cos compañeiros. Un amplo número usa o galego nas súas intervencións nas aulas, para tomar apuntes e para realizar traballos.

Marco Normativo

Esta programación elabórase de acordo co establecido coa Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na comunidade autónoma de Galicia. Teremos en consideración todos aqueles aspectos que procedan, segundo a seguinte normativa:

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 120, 29-06-2015).
- Real Decreto 562/2017, de 2 de junio, por el que se regulan las condiciones para la obtención de los títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria y de Bachiller, de acuerdo con lo dispuesto en el Real Decreto-Ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa (BOE 3/06/2017).
- Resolución do 9 xuño da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 21/12/2011).
- Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), e a propia Lei 4/2011.
- Orden de 28 de agosto de 1995 por la que se regula el procedimiento para garantizar el derecho de los alumnos de Educación Secundaria Obligatoria y de Bachillerato a que su rendimiento escolar sea evaluado conforme a criterios objetivos. (Apartado sexto, puntos 1 e 2; BOE 20/09/1995).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. (BOE, 25, 29/01/2015).
- Real Decreto 310/2016 de 29 de xullo polo que se regulan as avaliación finais da ESO e o Bacharelato (BOE 30 de xullo).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG 21/07/2015).
- Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG 4/08/2016).
- Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG 18/08/2017).

Composición do Departamento

O Seminario de Física e Química consta dun único profesor, Jesús M^a Teira Rois, que desempeña a Xefatura do Seminario e exerce como coordinador TIC do centro.

Imparte Física e Química de 2º ESO (2 grupos), Física e Química de 3º ESO (2 grupos), Física e Química de 4º ESO (1 grupo) e Matemáticas Aplicadas de 4º ESO (1 grupo).

2.- PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN: ACTIVIDADE PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL.

Os estándares de aprendizaxe e grao de consecución ou indicadores de logro a conseguir polos alumnos para unha avaliación positiva veñen indicados nas táboas da programación para cada curso e materia para o caso do **ensino presencial** normal.

Nun suposto tránsito ao **ensino semipresencial** ou non presencial debido a un **confinamento** total ou parcial, quedan sinalados en amarelo sobre os cadros de estándares de cada materia os indicadores de logro mínimos a conseguir por parte dos alumnos para conseguir acadar os obxectivos do curso ou etapa.

Ao abeiro do establecido no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, se detallan a continuación as medidas a adoptar no caso de suspensión da actividade lectiva parcial ou total para facer efectivo o ensino non presencial.

- A **metodoloxía** aplicable a unha **situación presencial** normal ven detallada na presente programación e seguirá dándose as pautas a seguir para ir facendo o posible tránsito.

Nunha situación de **non presencialidade ou semipresencialidade** seguimento do alumnado levarase a cabo a través das **Aulas Virtuais (Moodle) do centro**. O Departamento terá abertos todos os recursos correspondentes á materia a desenvolver para a situación de non presencialidade ou semipresencialidade. Durante as primeiras semanas do curso se inscribiron aos alumnos no curso correspondente e proporcionaron as claves de acceso ao alumnado de novo acceso ou a quen non se lembraba do seu contrasinal.

Ao longo do mes de outubro e coincidindo coas primeiras unidades de cada materia estase a poñer en práctica unha metodoloxía orientada especificamente á mellora da competencia dixital do alumnado, na que se ensina de xeito adecuado ao seu nivel e ás súas necesidades, a metodoloxía de traballo en liña e se practique coa plataforma utilizada polo centro (Moodle) para que todo o alumnado a coñeza e se familiarice con ela, incorporándoa ao proceso de ensinanza – aprendizaxe de xeito habitual. Con este obxectivo se van configurando as clases na Aula Virtual, propoñendo traballos, recolléndoo e avaliándoos. Tamén se xuntará en cada curso da Aula Virtual o titorial de acceso e utilización da canle de comunicación **Cisco Webex**, proporcionándolle ao alumnado o número de sala persoal para as videoconferencias.

No caso de entrar nunha situación que implique o **confinamento** do centro, dunha ou varias aulas, e tendo sempre en conta que a situación de confinamento non pode emular ao escenario habitual presencial, establécese que:

- ✓ O horario de atención ao alumnado e ás familias coincidirá, salvo circunstancias excepcionais, co horario escolar.
- ✓ O profesorado do departamento impartirá clases por videoconferencia utilizando Cisco Webex (habilitada pola Consellería de Educación para tal fin). Impartiranse por videoconferencia dous terzos do número de sesións correspondentes ao total de carga horaria de cada materia e coincidindo en principio coas sesións asinadas no horario.
- ✓ Unha vez asegurada a posibilidade de conexión do alumnado, controlarase a asistencia ás clases virtuais programadas, rexistrando as ausencias por Xade e cos mesmos efectos que se fai nas sesións lectivas presenciais.
- ✓ As sesións Webex programadas polo departamento serán entregadas ao equipo directivo, en favor do necesario reforzo dunha coordinación didáctica para axustar os horarios e días de clase de cada materia para o alumnado (coincidencias no uso do ordenador cos irmáns matriculados no centro, etc...).
- ✓ O resto das sesións serán dedicadas polo alumnado para a realización das tarefas indicadas polo profesor, estando este dispoñible para a resolución de dúbidas pola conversa (chat) da aula virtual, no seu horario habitual.

No suposto dunha situación de **semipresencialidade**, nas sesións presenciais cada profesor dedicará o tempo á explicación de conceptos máis importantes de cada unidade, así como á explicación das instrucións para a realización de tarefas e traballos globalizadores de cara a facer na casa polo alumnado.

• Con respecto ás **actividades e tarefas** teremos en conta que:

- ✓ As tarefas deben ser acordes cos obxectivos educativos seleccionados na programación para cada etapa, curso e materia, así como os considerados como básicos e máis relevantes para desenvolver as competencias clave. Que resulten imprescindibles para a adecuada progresión académica do alumnado.
- ✓ As tarefas que propoña cada docente serán dereitamente proporcionais ao número de sesións lectivas da súa materia. Como regra xeral, non se proporán tarefas que exixan un tempo de dedicación, diario ou semanal superior ao da modalidade presencial.
- ✓ Irán sempre acompañadas de instrucións claras e sinxelas que posibiliten a autoaprendizaxe e non deben esixir para a súa realización da axuda dos pais, nais ou representantes legais.
- ✓ Para contemplar a atención á diversidade, as tarefas ademais de resultar significativas e motivadoras para o alumnado, deberán presentar diferentes graos de realización e dificultade, así como diferentes posibilidades de enfoque e execución. Debe primar a calidade sobre a cantidade favorecendo as actividades globalizadoras e

interdisciplinares. Potenciarase a realización de traballos e pequenos proxectos de investigación en todas os cursos, máis aínda nos cursos inferiores (2º e 3º ESO).

- ✓ Estas tarefas deseñaranse tendo en conta a idade do alumno, o seu grao de autonomía e as condicións particulares que lles afecten, sendo conscientes das condicións socioculturais da nosa zona.
- ✓ As tarefas propostas serán resoltas polo profesorado do departamento, ben xuntando as solucións das mesmas na Aula Virtual (asegurándonos da súa corrección por parte do alumnado), ben corrixíndoas online vía WebEx.
- ✓ O profesor deberá indicar o formato de presentación da actividade e o prazo de entrega no momento da formulación da tarefa.

Instrumentos e procedementos de avaliación adaptados ao ensino semipresencial e non presencial.

Os procedementos, instrumentos e criterios veñen recollidos e detallados na programación para os **ensino presencial**.

Ante un escenario de **confinamento total ou parcial** os procedementos e instrumentos de avaliación serán os indicados:

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Diálogo alumno-profesor</i> (a través de videoconferencia Webex, correo electrónico ou mensaxes na plataforma Moodle da Aula virtual do centro e no correspondente curso). • <i>Tarefas e producións dos alumnos</i> (boletíns reforzo e recuperación, tarefas ampliación, probas test e cuestionarios con tempo limitado, actividades de investigación). • <i>Preguntas directas</i> a través das videoconferencias.
	<p><u>Instrumentos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Ficha persoal</i> alumno. • Lista de <i>control tarefas e asistencia a clase online</i>. • <i>Registro anecdótico</i>. • <i>Proba online*</i> • Rúbricas (Inclúense na programación para o caderno do alumno, presentación de traballos e a que figura abaixo do cadro para a cualificación de tarefas presentadas na Aula Virtual).

- ✓ Se propón a creación de **probos tipo** test que cumpran os requisitos de validez e fiabilidade, elaboración de cuestionarios, de probas de resposta corta ou múltiple onde

se obteña automaticamente a cualificación á súa finalización; probas que se pechen ao rematar o tempo asignado e non permitan o súa reelaboración.

- ✓ Poderanse facer polo tanto, probas de avaliación en liña sempre que se garanta que todo o alumnado destinatario deste tipo de probas dispoña dos medios e recursos tecnolóxicos necesarios para a súa realización.
- ✓ As probas de avaliación poderíanse facer tamén presenciais, se as autoridades competentes o permiten. Ante unha situación de **semipresencialidade** a presencialidade no centro será preceptiva á realización polo menos dunha proba de carácter presencial nos últimos cursos das ensinanzas conducentes a título como 4º ESO.
- ✓ Reforzaremos a obligatoriedade do traballo continuo, mediante entrega de evidencias, e da asistencia ás clases virtuais programadas, rexistrando as ausencias en Xade do mesmo xeito e cos mesmos efectos que se fai nas sesións lectivas presenciais.
- ✓ Se durante o curso se mantivo principalmente un escenario de semipresencialidade e/ou confinamento total, aplicaremos os criterios máis favorables á promoción e titulación dos alumnos que establecen os decretos do currículo de cada unha das ensinanzas.
- ✓ No caso de que a situación impida o desenvolvemento de probas presenciais a cualificación do alumno correspondente ao período de ensino non presencial será como sigue:
 - Cálculo da nota dunha avaliación: • a nota final será a media ponderada das cualificacións obtidas polo alumno nas tarefas entregadas (aplicando a rúbrica anteriormente exposta), dando unha valoración dun 30% ás probas realizadas online e o 70% ao resto de tarefas.
 - Se parte da avaliación se desenvolveu de xeito presencial, manteranse as cualificacións obtidas ata a suspensión das clases. O período non presencial será avaliado polas tarefas entregadas polo alumno aplicando a mencionada rúbrica. Para acadar unha avaliación positiva o alumno debe entregar como mínimo o 80% das tarefas propostas polo profesor e participar activamente nas clases por videoconferencia.
- ✓ No suposto de que as administracións educativas aprobaran un cambio na normativa que modifique os criterios de promoción e/ou titulación, como non pode ser doutro xeito, adaptaremos a nosa programación.

Rúbrica xeral para a cualificación de tarefas presentadas online:

- ✓ Entrega as tarefas sempre en prazo. Están ben realizadas.: +10 puntos.
- ✓ Entrega sempre tarefas, aínda que a veces fóra de prazo, pero están ben realizadas; ou entrega de tarefas en prazo, pero a veces parcialmente realizadas: 7,5 puntos
- ✓ Entrega PARCIAL de tarefas; ben realizadas: 5 puntos
- ✓ Entrega PARCIAL de tarefas, respostas pouco traballadas: 2,5 puntos
- ✓ Entrega ocasional/ non entrega: +0 puntos

3.- COMPETENCIAS CLAVE NA ESO: CONTRIBUCION AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, neste decreto incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea. Considérase que "as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego".

No DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, defínense as Competencias como "as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos".

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

a) Comunicación lingüística (CCL).

Das múltiples achegas a esta competencia clave (defensa de traballos de investigación, selección e interpretación da información, comunicación dos traballos realizados, etc.) podemos salientar dúas: a relacionada coa linguaxe propia das ciencias (interpretación de gráficas, táboas, etiquetaxes, símbolos, formulación, etc.) e, moi importante, a relacionada co proceso de argumentación, entendido como o proceso de avaliación dos enunciados de coñecemento, á luz das probas dispoñibles.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

A materia de Física e Química debe capacitar os alumnos e as alumnas para extraeren e comunicaren conclusións a partir de probas científicas, formularen preguntas que a ciencia poida responder e explicaren cientificamente fenómenos físicos e naturais. Á achega á competencia propiamente científica cumprirá engadir as correspondentes ao resto das competencias clave.

c) Competencia dixital (CD).

O alumnado de ESO é nativo dixital e, en consecuencia, está familiarizado coa presentación e a transferencia dixital de información. O uso de aplicacións virtuais interactivas permite realizar experiencias prácticas que por razóns de infraestrutura non serían viables noutras circunstancias. Por outra banda, a posibilidade de acceder a unha grande cantidade de información implica a necesidade de clasificala segundo criterios de relevancia, o que permite desenvolver o espírito crítico do alumnado.

d) Aprender a aprender (CAA).

Se algo caracteriza a actividade científica é a curiosidade, o interese por aprender propio da ciencia. En unión a procesos tales como a reflexión sobre si mesmo/a como estudante, sobre a tarefa para desenvolver ou sobre as estratexias para aprender, que propician todas as disciplinas, Física e Química achega unha estratexia, o método científico, nomeadamente relevante no proceso de adquisición de coñecementos

e) Competencias sociais e cívicas (CSC).

A física e a química non son alleas ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, xa que promoven actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos fronte a problemas relacionados co impacto das ciencias e da tecnoloxía no noso contorno: conservación de recursos, cuestións ambientais, etc. A mesma competencia tamén está relacionada co traballo en equipo que caracteriza a actividade científica.

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

A elaboración e a defensa de traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección, que permite afondar e ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as destrezas tecnolóxicas e comunicativas nos alumnos e nas alumnas, ten como obxectivo desenvolver a aprendizaxe autónoma destes. Tanto o traballo en equipo como a creatividade na resolución de problemas ou o deseño de experiencias e pequenas investigacións, tarefas todas elas propias da actividade científica, propician, nos contextos adecuados, o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, sen a que non se entendería o progreso da ciencia.

g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

É preciso o afondamento nunha verdadeira cultura científica, baseada na concepción da ciencia como cultura e non só como un conxunto de coñecementos que, estruturados en teorías, poidan ter algunha aplicación máis ou menos útil. Neste sentido, resulta salientable a achega de Física e Química á competencia en conciencia e expresións culturais, por ser moitos os logros da ciencia que modificaron o noso modo de entender o mundo e moitos os científicos e as científicas que influíron na nosa forma de comprender a realidade; consecuentemente, personaxes como Newton, Boyle, Marie Curie, no plano internacional, ou Antonio Casares Rodríguez, Ramón María Aller Ulloa e tantos outros, deben ser recoñecidos e valorados como actores principais da construción da nosa cultura.

4.- ESTÁNDARES MÍNIMOS DE APRENDIZAXE ESIXIBLES PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Os estándares de aprendizaxe e grao de consecución ou indicadores de logro a a conseguir polos alumnos para unha avaliación positiva veñen indicados nas táboas da programación para cada curso e materia para o caso do **ensino presencial** normal.

Nun suposto tránsito ao **ensino semipresencial** ou non presencial debido a un **confinamento** total ou parcial, se sinalan en amarelo sobre os cadros de estándares de cada materia os indicadores de logro mínimos a conseguir por parte dos alumnos para lograr acadar os obxectivos do curso ou etapa e polo tanto unha avaliación positiva.

FISICA E QUIMICA 2º ESO

Este curso se imparte cunha carga horaria de 3 sesións de 50 minutos por semana.

O enfoque co que se procuran introducir nesta materia os conceptos científicos debe ser fundamentalmente fenomenolóxico; deste xeito, a materia preséntase como a explicación lóxica de todo aquilo ao que o alumnado está afeito e coñece, sen obviar cálculos matemáticos, axeitados o seu nivel. Os contidos, en unión coas competencias clave e cos obxectivos, estrutúranse en bloques

Bloque 1: A actividade científica	UNIDADE 1. A ciencia e a medida
Bloque 2: A materia	UNIDADE 2. Estados da materia UNIDADE 3. Diversidade da materia
Bloque 3: Os cambios	UNIDADE 4. Cambios químicos
Bloque 4: O movemento e as forzas	UNIDADE 5. Forzas e movementos UNIDADE 6. As forzas na natureza
Bloque 5: Enerxía	UNIDADE 7: Enerxía UNIDADE 8: Temperatura e calor

TEMPORALIZACIÓN

O curso conta con 35 semanas. Esta materia conta, polo tanto con 105 períodos lectivos de 50 minutos anuais, repartidos en tres períodos lectivos á semana. Estes períodos poden diminuír dependendo de como coincidan os días festivos integrados dentro do calendario escolar e de actividades complementarias que coincidan con un dos 32 días con docencia neses grupos. De xeito xeral, e obviando estas limitacións, o reparto de unidades ao longo do curso é:

Avaliacións	Unidades	TEMP (horas)	Semanas curso
1º avaliación	1. Materia e medida	12	2 semanas de setembro, 2 de outubro
	2. Estados da materia	15	3 semanas de outubro, 2 de novembro
	3. Diversidade da materia	12	2 semanas de novembro e 1 de decembro
2º avaliación	4. Cambios na materia	12	1 de decembro e xaneiro
	5. Forzas e movementos	18	3 semanas de febreiro, 3 de marzo
3º avaliación	6: Forzas na natureza	9	3 semanas de abril
	7: Enerxía	12	1 de abril e 4 semanas de maio
	8: Temperatura e calor	6	Mes de xuño

UNIDADE 1: Materia e medida. (Bloque 1)

OBXECTIVOS	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f h	B1.1. Método científico: etapas. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos. (CAA, CCL, CMCCT)	Coñecer as etapas do método científico. Organizar a información relacionada coa observación e a experimentación mediante táboas, gráficos, comunicando dita información de xeito científico.	Traballos Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB1.1.2. Registra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas. (CCL, CMCCT)		
f m	B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.	B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá. (CCEC, CMCCT)		
b f	B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. (S.I.)	B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados. (CMCCT)	Recoñecer as magnitudes e unidades adecuadas utilizando o S.I. para expresar o resultado.	Traballos Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades. (CSIEE, CMCCT)	Realizar medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando os instrumentos apropiados, e expresar os resultados correctamente no S. I., facendo os cambios de unidades que sexa preciso.	

UNIDADE 1: Materia e medida. (Bloque 1)

OBXECTIVOS	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B1.5. Traballo no laboratorio.	B1.4. Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado. (CMCCT,CCL)	Recoñecer e identificar os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	Traballos Caderno de clase
			FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas. (CMCCT)	Identificar material e instrumentos básicos de laboratorio e coñecer a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	Observación directa Probas escritas
efhi	B1.6. Procura e tratamento de información. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	B1.5. Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade. . (CAA, CCL, CMCCT)	Distinguir entre o fundamental e o accesorio nun texto de divulgación científica (ou información dixital), e transmitir as conclusións mediante a linguaxe oral e escrito	Traballos Caderno de clase Observación directa
			FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais. (CAA,CD, CSC).		
be f g h	B1.1. Método científico: etapas. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. B1.4. Medida de magnitudes. Sistema	B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións (CAA,CCEC, CCL,CD, CMCCT,CSIEE)	Realizar pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	Traballos ou Caderno de clase

UNIDADE 1: Materia e medida. (Bloque 1)					
OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
i	Internacional de Unidades. B1.5. Traballo no laboratorio. B1.6. Proxecto de investigación		FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.(CAA, CSC,CSIEE)	Participar, valorar, xestionar e respectar o traballo individual e en equipo	Observación directa

UNIDADE 1: Materia e medida. (Bloque 2)					
OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
b f	B2.1. Propiedades da materia. B2.2. Aplicacións dos materiais.	B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias. (CMCCT) FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles. (CMCCT) FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade. (CMCCT)	Distinguir entre propiedades xerais e propiedades características da materia. Utilizar estas últimas para a caracterización de substancias Identificar material de laboratorio para o cálculo experimental de a masa e do volume dun corpo e calcular a súa densidade.	Traballo Caderno de clase Observación directa Probas escritas Práctica de laboratorio: determinar a densidade dun sólido.

UNIDADE 3: Diversidade da materia (Bloque 2)

OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B2.5. Substancias puras e mesturas. B2.6. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.	B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides. (CMCCT)	Distinguir e clasificar sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especificar neste último caso se son mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	Traballos
			FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese. (CMCCT)	Identificar o disolvente e o soluto en mesturas homoxéneas de especial interese.	Caderno de clase Observación directa
			FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro. (CCL, CMCCT)	Determinar a concentración dunha disolución e exprésaa en gramos/litro. Identificar o material básico para preparar unha disolución.	Probas escritas
f	B2.7. Métodos de separación de mesturas.	B2.5. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicalos no laboratorio.	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso. (CAA, CMCCT, CSIEE)	Identificar os distintos métodos de separación de mesturas Aplicar adecuadamente os pasos para separar mesturas segundo as propiedades das substancias que a compoñen. Identificar o material básico de laboratorio para separar mesturas.	Traballos Caderno de clase Observación directa Práctica de laboratorio: Separar por distintos métodos os compoñentes de varias mesturas

UNIDADE 2: Estados da materia. (Bloque 2)					
OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
b f	B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.	B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache. (CMCCT)	Xustificar que unha substancia pode estar en distintos estados de agregación dependendo da P e da T.	Caderno de clase Observación directa
			FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.(CMCCT).	Recoñecer e explicar as propiedades dos distintos estados da materia utilizando modelo cinetico-molecular.	Probas escritas
			FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns. (CMCCT)	Describir os cambios de estado e identificalos nos fenómenos cotiáns.	Traballos Caderno de clase
			FQB2.2.4. Deducir a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias. (CMCCT)	Deducir a partir das gráficas de quecemento ou arrefriamento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícala. Identificar o material básico de laboratorio para recoller os datos e representar a gráfica de quecemento da auga.	Observación directa Probas escritas Práctica de laboratorio: realizar a curva de quecemento da auga
f	B2.4. Leis dos gases.	B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular. (CMCCT)	Explicar o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.	Traballos Caderno de clase Observación
			FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases. (CAA, CMCCT)	Interpretar experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, Utilizar a ecuación dos gases para relacionar P, V e T.	directa Probas escritas

UNIDADE 4-: Cambios na materia. (Bloque 3)

OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f h	B3.1. Cambios físicos e cambios químicos. B3.2. Reacción química.	B3.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias.	Recoñece os átomos e as súas partículas fundamentais. Identifica elementos químicos importantes e as distintas formas de unirse: moléculas ou cristais	Recoñecer os átomos e as súas partículas fundamentais. Identificar elementos químicos importante as distintas formas de unirse: moléculas ou cristais	Traballos Caderno de clase Observación directa Probas escritas Práctica de laboratorio: realización de reaccións químicas sinxelas
			FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias. (CMCCT)	Distinguir entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá.	
			FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos. (CCL, MCCT)	Describir procesos nos que se formen substancias novas. Recoñecer reaccións químicas.	
			FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas. (CMCCT)	Identificar o material básico do laboratorio para realizar reaccións químicas sinxelas	
f	B3.2. Reacción química.	B3.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química. (CMCCT)	Identificar reactivos e produtos. Interpretar e representar unha reacción química.	Caderno de clase Observación directa Probas escritas
f m	B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	B3.3. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas	FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética. (CMCCT)	Identificar e clasificar produtos de uso cotiáns pola súa procedencia: natural ou sintética.	Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas. (CMCCT, CSC)	Identifica produtos procedentes da industria química e os asocia coa mellora na calidade de vida das persoas	
		B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente	FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global. (CMCCT, CSC, CSIEE)	Identificar medidas e actitudes para mitigar os problemas ambientais de importancia global.	Traballos Caderno de clase Observación directa

UNIDADE 5: Forzas e movementos. (Bloque 4)

OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B4.1. Forzas: efectos. B4.2. Medida das forzas.	B4.1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións.	FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo. (CMCCT)	Identificar as forzas na vida cotiá relacionándooas cos efectos que producen: deformacións ou alteracións no estado de movemento dun corpo.	Traballos Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental. (CMCCT)	Aplicación da lei de Hooke. Relacionar o alongamento producido nun resorte coas forzas que o producen. Describir o material preciso para a súa comprobación experimental.	Traballos Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo. (CMCCT)		Práctica de laboratorio:
			FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do S.I. (CMCCT)	Identificar un dinamómetro como instrumento para medir forzas	relacionar o alongamento nun resorte coas forzas que o producen
b f	B4.3. Velocidade media.	B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo.	FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado. (CAA, CD, CMCCT)	Realizar cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	Traballos Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media. (CMCCT)		

UNIDADE 5: Forzas e movementos. (Bloque 4)

OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B4.4. Velocidade media. B4.5. Velocidade instantánea e aceleración.	B4.3. Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas.	FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo. (CMCCT) FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo. (CMCCT)	Interpretar e obter datos a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo. Calcular a aceleración.	Caderno de clase Observación directa Probos escritas
f	B4.6. Máquinas simples.	B4.4. Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente, e a redución da forza aplicada necesaria	FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas. (CMCCT)	Interpretar o funcionamento de máquinas mecánicas simples. Realizar cálculos sinxelos aplicando a Lei da panca.	Caderno de clase Observación directa Probos escritas
f	B4.7. O rozamento e os seus efectos.	B4.5. Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá.	FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos. (CMCCT)	Analizar os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento.	Traballos Caderno de clase Probos escritas

UNIDADE 6: Forzas na natureza. (Bloque 4)

OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B4.8. Forza gravitatoria.	B4.6. Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende	FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa. (CMCCT)	Relacionar cualitativamente a forza de gravidade entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.	Traballos Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes. (CMCCT)	Distinguir entre masa e peso. Calcular g a partir da relación entre esas dúas magnitudes.	
			FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos. (CMCCT)	Recoñecer que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta	
f	B4.9. Estrutura do Universo. B4.10. Velocidade da luz.	B4.7. Identificar os niveis de agrupación entre corpos celestes, desde os cúmulos de galaxias aos sistemas planetarios, e analizar a orde de magnitude das distancias implicadas.	FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos. (CMCCT)	Relacionar cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra e coa distancia á que se atopan esas estrelas.	Traballos Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB2.4.2. Interpreta a información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo se trate de moléculas ou redes cristalinas. (CMCCT)	Establecer o tipo de información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo sexa molecular ou cristalino	Caderno de clase Probas escritas
f	B2.3. Enlace químico: iónico, covalente e metálico. B2.4 Forzas intermoleculares	B2.5. Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico.	FQB2.5.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas. (CMCCT)	Establecer o tipo de información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo sexa molecular ou cristalino	Traballos Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB2.5.2. Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres, e relaciónaa coas propiedades características dos metais. (CMCCT)	Aplicar a teoría dos electróns libres e relacionar as propiedades dos metais co seu enlace químico	
			FQB2.5.3. Deseña e realiza ensaios de laboratorio que permitan deducir o tipo de enlace presente nunha substancia descoñecida. (CAA, CMCCT, CSIEE)	Realizar ensaios de laboratorio ou ben aplicacións virtuais que permitan deducir o tipo de enlace presente	
f	B2.5 Forzas intermoleculares	B2.7. Recoñecer a influencia das forzas intermoleculares no estado de agregación e nas propiedades de substancias de interese..	FQB2.7.1. Xustifica a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico. (CMCCT)	Relacionar a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico	Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB2.7.2. Relaciona a intensidade e o tipo das forzas intermoleculares co estado físico e os puntos de fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares, interpretando gráficos ou táboas que conteñan os datos necesarios. (CMCCT)	Relacionar as propiedades dalgunhas moléculas cos seus enlaces intermoleculares	

UNIDADE 4 Química do Carbono. (Bloque 2)

OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B2.6. Introducción á química orgánica.	B2.8. Establecer as razóns da singularidade do carbono e valorar a súa importancia na constitución dun elevado número de compostos naturais e sintéticos.	FQB2.8.1. Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos. (CMCCT)	Explicar a importancia do átomo de carbono de xeito razoado.	Traballos Caderno de clase
			FQB2.8.2. Analiza as formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades. (CMCCT)	Relacionar a estrutura e propiedades das formas alotrópicas do carbono.	Observación directa Probas escritas
f	B2.6. Introducción á química orgánica.	B2.9. Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante distintas fórmulas, relacionalas con modelos moleculares físicos ou xerados por computador, e coñecer algunhas aplicacións de especial interese	FQB2.9.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida. (CMCCT)	Identificar e representar hidrocarburos sinxelos	Caderno de clase Probas escritas
			FQB2.9.2. Deduce, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos.	Escribir a nomenclatura e formular hidrocarburos	
			FQB2.9.3. Describe as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.	Describir as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.	
f	B2.6. Introducción á química orgánica.	B2.10. Recoñecer os grupos funcionais presentes en moléculas de especial interese.	FQB2.10.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas. (CMCCT)	Identificar diversos grupos funcionais a partir da fórmula.	Caderno de clase Probas escritas

UNIDADE 5: Reaccións químicas (Bloque 3)

OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave) ²²	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B3.1. Reaccións e ecuacións químicas	B3.1. Explicar o mecanismo dunha reacción química e deducir a lei de conservación da masa a partir do concepto da reorganización atómica que ten lugar.	FQB3.1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa. (CMCCT)	Aplicar a teoría de colisións e a lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas para interpretar a reacción.	Caderno de clase Probas escritas
f	B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións	B3.2. Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre ela, utilizando o modelo cinético-molecular e a teoría de colisións para xustificar esta predición	FQB3.2.1. Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores. (CMCCT)	Deducir o efecto de diversos factores sobre a velocidade dunha reacción química	Caderno de clase Probas escritas
			FQB3.2.2. Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións. (CMCCT, CD)	Observar experimentalmente os efectos de distintos factores na velocidade de reaccións químicas ou ben, cun simulador de reaccións químicas, observar o efecto de diversos factores na velocidade de reacción.	
f	B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións	B3.3. Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas	FQB3.3.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada. (CMCCT)	Establecer a absorción ou liberación de enerxía nunha reacción química	Caderno de clase Probas escritas
f	B3.3. Cantidade de substancia: mol.	B3.4. Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no Sistema Internacional de Unidades.	FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro. (CMCCT)	Realizar problemas que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.	Caderno de clase Observación directa Probas escritas

UNIDADE 4: Reaccións químicas (Bloque 3)

OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B3.4. Concentración molar. B3.5. Cálculos estequiométricos	B3.5. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supondo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente.	FQB3.5.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes. (CMCCT)	Realizar problemas de estequiometría en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.	Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución. (CMCCT)	Realizar problemas de estequiometría con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.	

UNIDADE 6. Exemplos de reaccións químicas (Bloque 3)

OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave) ²³	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B3.6. Reaccións de especial interese.	B3.6. Identificar ácidos e bases, coñecer o seu comportamento químico e medir a súa fortaleza utilizando indicadores e o pHmetro dixital	FQB3.6.1. Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases. (CMCCT)	Aplicar a teoría de Arrhenius ao comportamento de ácidos e bases	Caderno de clase
			FQB3.6.2. Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH. (CMCCT)	Establecer o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH	Observación directa Probas escritas
b f h g	B3.6. Reaccións de especial interese	B3.7. Realizar experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización, interpretando os fenómenos observados.	FQB3.7.1. Deseña e describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte, e interpreta os resultados (CMCCT,CSIEE)	Proposta TIC para a análise e interpretación dos resultados dun experimento de valoración volumétrica de neutralización.	Traballos Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB3.7.2. Planifica unha experiencia e describe o procedemento para seguir no laboratorio que demostre que nas reaccións de combustión se produce dióxido de carbono mediante a detección deste gas. (CMCCT,CSIEE)		
			FQB3.7.3. Realiza algunhas experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización. (CMCCT,CAA)		
f	B3.6. Reaccións de especial interese	B3.8. Valorar a importancia das reaccións de síntese, combustión e neutralización en procesos	FQB3.8.1. Describe as reaccións de síntese industrial do amoníaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na industria química. (CMCCT)	Describir as reaccións de síntese do amoníaco e o ácido sulfúrico e os seus usos na industria.	Caderno de clase ou traballos
		biolóxicos, en aplicacións cotiás e na industria, así como a súa repercusión ambiental.	FQB3.8.2. Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular(CMCCT,CSC).	Explicar a importancia das reaccións de combustión para a vida e os seres humanos	Probas escritas

UNIDADE 7: O movemento (Bloque 4)					
OBXECTIVOS	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave) ²⁴	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	B4.1. Xustificar o carácter relativo do movemento e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores, para o describir adecuadamente, aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento.	FQB4.1.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia. (CMCCT)	Representar a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia	Caderno de clase Observación directa Probas escritas
f	B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	B4.2. Distinguir os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea, e xustificar a súa necesidade segundo o tipo de movemento	FQB4.2.1. Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade. (CMCCT)	Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.	Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB4.2.2. Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), e razoa o concepto de velocidade instantánea. (CMCCT)	Calcular a velocidade media e a velocidade instantánea e diferenciais.	
f	B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	B4.3. Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos rectilíneos e circulares.	FQB4.3.1. Deduce as expresións matemáticas que relacionan as variables nos movementos rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares. (CMCCT)	Deducir as expresións matemáticas que relacionan as variables no MRU, MRUA e MCU, así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares.	Caderno de clase ou Observación directa Probas escritas
f	B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	B4.4. Resolver problemas de movementos rectilíneos e circulares, utilizando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional.	FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional. (CMCCT)	Resolver problemas de MRU, MRUA e MCU, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades S.I.	Caderno de clase Observación directa Probas escritas

UNIDADE 7: O movemento (Bloque 4)					
OBXECTIVOS	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
			FQB4.4.2. Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada. (CMCCT, CSC)	Determinar tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica a importancia de manter a distancia de seguridade	
			FQB4.4.3. Argumenta a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme.. (CMCCT)	Argumentar a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcular o seu valor no MCU.	
f	B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	B4.5. Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movemento partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións virtuais interactivas e relacionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que vinculan estas variables.	FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos. (CMCCT)	Determinar o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.	Traballos Caderno de clase
			FQB4.5.2. Diseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos. (CMCCT, CSIEE, CD, CCL, CAA, CSC)	Práctica de laboratorio, para estudar un movemento acelerado nun plano inclinado.	Observación directa Probas escritas

UNIDADE 8: As forzas (Bloque 4)

OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B4.2. Natureza vectorial das forzas. B4.3. Leis de Newton. B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.	B4.6. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e representalas vectorialmente.	FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo. (CMCCT)	Identificar as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo	Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares. (CMCCT)	Representar vectorialmente o peso, a normal, o rozamento e a forza centrípeta nos MRU, MRUA e MCU	
f	B4.3. Leis de Newton. B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta	B4.7. Utilizar o principio fundamental da dinámica na resolución de problemas nos que interveñen varias forzas.	FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración. (CMCCT)	Identificar e representar as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	Traballos Caderno de clase Observación directa Probas escritas
f	B4.3. Leis de Newton. B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.	B4.8. Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.	FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton. (CMCCT)	Deducir a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.	Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB4.8.2. Deducir a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei. (CMCCT)		
			FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos. (CMCCT)		

UNIDADE 9: Forzas gravitatorias (Bloque 4)

OBXECTIVOS	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave) ²⁶	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta. B4.5. Lei da gravitación universal.	B4.9. Valorar a relevancia histórica e científica que a lei da gravitación universal supuxo para a unificación das mecánicas terrestre e celeste, e interpretar a súa expresión matemática	FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos (CMCCT)	Xustificar o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos,	Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria. (CMCCT)	Obter a expresión de g a partir da lei da gravitación universal matematicamente a partir do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.	
	B4.5. Lei da gravitación universal	B4.10. Comprender que a caída libre dos corpos e o movemento orbital son dúas manifestacións da lei da gravitación universal.	FQB4.10.1. Razoar o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais. (CMCCT)	Razoar porqué as forzas gravitatorias producen movementos de caída libre ou movementos orbitais	Caderno de clase Observación directa Probas escritas
	B4.5. Lei da gravitación universal.	B4.11. Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática xurdida polo lixo espacial que xeran.	B4.11. Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática xurdida polo lixo espacial que xeran.. (CMCCT,CSC)	Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais	

UNIDADE 10: Forzas en fluídos (Bloque 4)					
OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B4.6. Presión.	B4.12. Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade, senón tamén da superficie sobre a que actúa.	FQB4.12.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante. (CMCCT)	Relacionar forza e superficie co valor da presión.	Traballos Caderno de clase
			FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións. (CMCCT)	Calcular a presión exercida polo peso dun obxecto variando a superficie en que se apoia.	Observación directa Probas escritas
f	B4.7. Principios da hidrostática. B4.8. Física da atmosfera.	B4.13. Interpretar fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas en relación cos principios da hidrostática, e resolver problemas aplicando as expresións matemáticas destes.	FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera. (CMCCT)	Xustificar a relación entre a presión e a profundidade no seo dun fluído. Calcular a P hidrostática en distintos fluídos e profundidades.	Traballos Caderno de clase
			FQB4.13.2. Explica o abastecemento de auga potable, o deseño dunha presa e as aplicacións do sifón, utilizando o principio fundamental da hidrostática. (CMCCT)	Relacionar o principio fundamental da hidrostática co abastecemento de auga.	Observación directa Probas escritas
			FQB4.13.3. Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática. (CMCCT)	Resolver problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática	
			FQB4.13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos. (CMCCT)	Aplicar o principio de Pascal na prensa hidráulica, aplicado a súa expresión matemática.	Traballos Caderno de

UNIDADE 10: Forzas en fluídos (Bloque 4)

OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
			FQB4.13.5. Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifica experimentalmente nalgún caso. (CMCCT)	<p>Predicir a flotabilidade dun corpo en distintos fluídos en función da súa densidade.</p> <p>Práctica de laboratorio sobre a flotabilidade en función do volume de fluído desaloxado. Cálculo experimental da densidade dun líquido utilizando o principio de Arquímedes..</p>	<p>clase</p> <p>Observación directa</p> <p>Probas escritas</p>
b f g	B4.7. Principios da hidrostática. B4.8. Física da atmosfera.	B4.14. Diseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos, así como a iniciativa e a imaxinación.	FQB4.14.1. Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes. (CMCCT,CD)	Relacionar a presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.	<p>Caderno de clase</p> <p>Observación directa</p> <p>Probas escritas</p>
			FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor. (CCEC, CMCCT)		
			FQB4.14.3. Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas. (CMCCT)	Identificar o barómetro e o manómetro como instrumentos de medida identificando a magnitude que mide cada un deles	
f	B4.8. Física da atmosfera.	B4.15. Aplicar os coñecementos sobre a presión atmosférica á descrición de fenómenos meteorolóxicos e á interpretación de mapas do tempo, recoñecendo termos e símbolos específicos da meteoroloxía.	FQB4.15.1. Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas. (CMCCT)	Relacionar fenómenos atmosféricos e interpretar mapas de isóbaras	<p>Traballos</p> <p>Caderno de clase</p>
			FQB4.15.2. Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes. (CMCCT)	Interpretar os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía que aparecen nestes.	<p>Observación directa</p> <p>Probas escritas</p>

UNIDADE 11: Traballo e enerxía (Bloque 5)

OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B5.1. Enerxías cinética e potencial. Enerxía mecánica. Principio de conservación. B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor	B5.1. Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica cando se despreza a forza de rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía cando existe disipación desta por mor do rozamento	FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica (CMCCT)	Resolver problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica	Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB5.1.2. Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica. (CMCCT)	Resolver problemas de transformacións e diminución da enerxía mecánica	
	B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.	B5.2. Recoñecer que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, e identificar as situacións en que se producen	FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico. (CMCCT)	Identificar a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía.	Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB5.2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo. (CMCCT)	Recoñecer en que condicións un sistema intercambia E en forma de calor ou en forma de traballo.	
f	B5.3. Traballo e potencia.	B5.3. Relacionar os conceptos de traballo e potencia na resolución de problemas, expresando os resultados en unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común.	FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV. (CMCCT)	Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento e expresar o resultado no S.I.	Caderno de clase Observación directa Probas escritas

UNIDADE 12: Enerxía e calor (Bloque 5)

OBXECTIVOS	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.	B5.2. Recoñecer que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, e identificar as situacións en que se producen	FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico. (CMCCT)	Identificar a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía.	Caderno de clase Observación directa Probos escritas
			FQB5.2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo. (CMCCT)	Identificar situacións de intercambio de enerxía en forma de traballo ou calor	
f	B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor. B5.4. Efecto da calor sobre os corpos	B5.4. Relacionar cualitativa e cuantitativamente a calor cos efectos que produce nos corpos: variación de temperatura, cambios de estado e dilatación.	FQB5.4.1. Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións. (CMCCT)	Determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado.	Caderno de clase Observación directa Probos escritas
			FQB5.4.2. Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico. (CMCCT)	Calcular a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico	
			FQB5.4.3. Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente. (CMCCT)	calcular numericamente a dilatación lineal de distintos obxectos	
			FQB5.4.4. Determina experimentalmente calores específicos e calores latentes de substancias mediante un calorímetro realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos. (CMCCT, CAA)	Práctica de laboratorio utilizando o calorímetro (calcular o calor específico do ferro)	

UNIDADE 12: Enerxía e calor (Bloque 5)

OBXECTIVOS	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f l ñ o	B5.3. Traballo e potencia. B5.5. Máquinas térmicas.	B5.5. Valorar a relevancia histórica das máquinas térmicas como desencadeadores da Revolución Industrial, así como a súa importancia actual na industria e no transporte.	FQB5.5.1. Explica ou interpreta, mediante ilustracións ou a partir delas, o fundamento do funcionamento do motor de explosión. (CMCCT)	Realizar o debuxo (ou ben mediante as TIC) dun motor de explosión e explicar o seu funcionamento,	Caderno de clase Observación directa
			FQB5.5.2. Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC. (CAA,CMCCT, CD, CCL,CSC,CCEC)	Pequeno informe sobre a importancia histórica do motor de explosión , ou ben actividade TIC	
f	B5.5. Máquinas térmicas.	B5.6. Comprender a limitación que o fenómeno da degradación da enerxía supón para a optimización dos procesos de obtención de enerxía útil nas máquinas térmicas, e o reto tecnolóxico que supón a mellora do rendemento destas para a investigación, a innovación e a empresa.	FQB5.6.1. Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica. (CMCCT)	Aplicar o concepto de degradación da enerxía a problemas Actividades propostas na web para observar unha animación do funcionamento do motor e responder preguntas.	Caderno de clase Observación directa

5.- OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A definición de Obxectivos dada no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño e a seguinte: "referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin."

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de

Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

5.1.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

A continuación se concretan os obxectivos para cada curso no que se imparte a materia de Física e Química.

FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO

UNIDADE 1. A materia e a medida

- Traballar con magnitudes dende diversos enfoques.
- Usar con autonomía os instrumentos e materiais básicos do laboratorio.
- Recoñecer as características principais da materia.

UNIDADE 2. Estados de agregación.

- Coñecer as propiedades dos diferentes estados de agregación da materia.
- Comprender a teoría cinético-molecular da materia (TCM).
- Explicar mediante a teoría cinético-molecular as particularidades dos estados de agregación e os seus cambios de estado.
 - Recoñecer a presión como unha das magnitudes fundamentais no comportamento dun gas e indicar as unidades do SI en que se mide.
 - Enunciar e comprender o significado das leis dos gases, coñecendo cales son as magnitudes físicas que interveñen en cada unha delas.
 - Analizar os cambios de estado de forma práctica e formular conclusións.
 - Interpretar e representar gráficas de cambio de estado.

UNIDADE 3. Diversidade da materia

- Saber diferenciar entre sustancias puras e mesturas, e as súas aplicacións.
- Separar correctamente os compoñentes dunha mestura por distintos métodos.
- Recoñecer as aplicacións e características principais da materia.

UNIDADE 4. Cambios químicos

- Composición da materia: átomos, moléculas e cristais. Substancias puras e compostos químicos.
- Discernir os cambios físicos e químicos que se producen na formación de sustancias a través de experimentos sinxelos.
- Explorar as características das reaccións químicas respecto de dúas leis relacionadas coa masa de reactivos e produtos e a velocidade dunha reacción química.
- Describir o proceso de transformación dos reactivos en produtos.
- Realizar experiencias sinxelas de laboratorio ou simulacións sobre a lei de conservación da masa e os factores que inflúen na velocidade das reaccións químicas.
- Sinalar o valor da química na obtención ou fabricación de produtos que melloran a calidade de vida das persoas.
- Reflexionar sobre a importancia da industria química na sociedade e os seus efectos a nivel medioambiental.

UNIDADE 5. Forzas na natureza

- Entender que as deformacións e os cambios no estado do movemento dos corpos son produto das forzas que se exercen sobre eles.
- Valorar a función da forza de rozamento na vida cotiá.
- Identificar as forzas da natureza e algúns fenómenos asociados a elas.
- Determinar a velocidade dun corpo en función de magnitudes como o espazo e o tempo.
- Interpretar gráficas do espazo e a velocidade en función do tempo para distinguir entre a velocidade media e instantánea e achar a aceleración.
- Coñecer que son as máquinas simples e a súa utilidade para transformar o movemento e reducir a forza aplicada.
- Identificar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos diferentes niveis de agrupación no universo.

UNIDADE 6: Enerxía mecánica

- Comprender que a enerxía é a capacidade que ten un sistema material para producir cambios noutro sistema material, ou sobre si mesmo
- Recoñecer distintos tipos de enerxía en situacións cotiás e experiencias prácticas.
- Relacionar as transformacións entre a enerxía cinética e potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía en situacións en relación ás forzas de rozamento.
- Sinalar situacións nas que se produce unha transmisión ou intercambio de enerxía a través da calor ou do traballo.
- Aprender o concepto de onda, as súas características e o diferentes tipos que existen.
- Analizar calidades, fenómenos e efectos propios das ondas sonoras.
- Realizar problemas de distintos tipos de enerxía expresándoas en unidades do SI.
- Levar a cabo traballos e experiencias prácticas sobre a enerxía e as ondas mecánicas.

UNIDADE 7: Enerxía térmica

- Coñecer o significado dos termos enerxía, calor e temperatura, e establecer as relacións que existen entre eles.
- Explicar distintos mecanismos de transferencia de enerxía térmica que se dan en situacións cotiás.
- Analizar os efectos da enerxía térmica a través de experiencias prácticas sinxelas e situacións ordinarias.
- Entender que é unha onda electromagnética e a súa forma de propagación.
- Coñecer os tipos de ondas que conforman o espectro electromagnético.
- Examinar os comportamentos e efectos dalgunhas ondas electromagnéticas en relación ao ser humano.
- Recoñecer, explicar e aplicar as propiedades da luz.
- Resolver problemas sobre a enerxía térmica, a temperatura e a calor.
- Tomar conciencia das consecuencias negativas da contaminación lumínica para a sociedade.

UNIDADE 8: Fontes de enerxía

- Comprender as transformacións que pode producir a enerxía.
- Coñecer distintos tipos de enerxía e os seus principais usos na vida cotiá.
- Realizar construcións sinxelas para experimentar as transformacións enerxéticas.
- Distinguir as fontes de enerxía renovables das non renovables, e o seu impacto a nivel económico, social e medioambiental.
- Explicar o funcionamento de distintas máquinas térmicas.
- Analizar problemas enerxéticos actuais e as súas posibles solucións.
- Entender a importancia do aforro enerxético para o desenvolvemento sostible.
- Interpretar gráficos, mapas, imaxes e táboas para argumentar datos e ideas sobre o consumo enerxético, os problemas asociados e as posibles medidas a adoptar.
- Destacar o valor da enerxía nas nosas vidas e propoñer accións globais e individuais que favorecen un consumo responsable.

FÍSICA E QUÍMICA 3º ESO

UNIDADE 1. A ciencia e a medida

- Enumerar e diferenciar as características do método científico.
- Coñecer o sistema internacional de unidades e saber facer cambios de unidades cos distintos múltiplos e submúltiplos.
- Formular as medidas de forma correcta tendo en conta as súas incertidumbres dependendo do tipo de medida realizada.
- Familiarizarse cos materiais, e instrumentos básicos presentes no laboratorio de Física e de Química; coñecer e respectar as normas de seguridade.

UNIDADE 2. Estados de agregación e disolucións

- Coñecer as propiedades dos diferentes estados de agregación da materia.
- Comprender a teoría cinético-molecular da materia (TCM).
- Recoñecer a presión como unha das magnitudes fundamentais no comportamento dun gas e indicar as unidades do SI en que se mide.
- Enunciar e comprender o significado das leis dos gases, coñecendo cales son as magnitudes físicas que interveñen en cada unha delas.
- Saber diferenciar entre sustancias puras e mesturas, e entender as distintas formas na que expresar a súa concentración.
- Separar correctamente os compoñentes dunha mestura por distintos métodos.

UNIDADE 3. O átomo

- Coñecer a estrutura da materia e a súa constitución por partículas cargadas electricamente.
- Coñecer a Teoría atómica de Dalton, os seus acertos e fallos e a importancia no desenvolvemento da química.
- Coñecer o modelo de Bohr .
- Aprender a identificar as partículas subatómicas e as súas propiedades mais relevantes.
- Explicar como esta constituído o núcleo e como se distribúen os electróns na codia.
- Diferenciar as capas da cortiza electrónica e deducir a formación de catións e anións debido á perda ou ganancia de electróns.
- Aprender os conceptos de numero atómico, numero másico e masa atómica.
- Entender os conceptos de isótopo e ión.
- Explicar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.
- Manifestar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura.
- Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC e a información.
- Transformar a información en coñecemento propio e empregala en distintos contextos para introducila de forma activa no proceso de aprendizaxe.

UNIDADE 4. Elementos e compostos

- Identificar os elementos químicos, os seus nomes e os seus símbolos.
- Entender a ordenación dos elementos na táboa periódica e destacar os máis relevantes a partir dos seus símbolos.
- Aprender a clasificar os elementos en metais, non metais e gases nobres.
- Explicar como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e desenvolver as propiedades das agrupacións resultantes.
- Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas da IUPAC.
- Distinguir entre átomos e moléculas e cristais; e entre elementos e compostos en sustancias de uso frecuente coñecido.

- Entender a información e familiarizarse co vocabulario sobre elementos, moléculas, cristais, masa atómica, masa molecular e formulación inorgánica.
- Manifestar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura.
- Mostrar actitudes de respecto, tolerancia e colaboración á hora de traballar en grupo.
- Ter iniciativa e perseveranza no momento de afrontar problemas e defender opinións de xeito crítico.
- Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC e a información.
- Transformar a información en coñecemento propio e empregala en distintos contextos para introducila de forma activa no proceso de aprendizaxe.

UNIDADE 5. A reacción química

- Comprender que son as reaccións químicas e como se representan.
- Saber utilizar a teoría das colisións para explicar os cambios químicos.
- Enunciar a lei de conservación da masa e distinguir reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio e/ou de simulacións por ordenador.
- Definir e utilizar a cantidade de sustancia: o mol.
- Calcular a masa e/ou cantidade de sustancia mediante a masa molar.
- Entender a información e familiarizarse co vocabulario sobre as reaccións químicas, a cantidade de sustancia (mol) e masa molar.
- Aplicar a lei de conservación da masa e realizar cálculos estequiométricos.
- Comprender as implicacións que teñen as diferentes actividades humanas no medio ambiente.
- Recoñecer a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no medio ambiente.
- Aprender a facer un bo uso dos medicamentos.
- Comprender a relación da química con campos como a agricultura, a alimentación ou o desenvolvemento de novos materiais.
- Manifestar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura.
- Mostrar actitudes de respecto, tolerancia e colaboración á hora de traballar en grupo.
- Ter iniciativa e perseveranza no momento de afrontar problemas e defender opinións de xeito crítico.
- Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC e a información.
- Transformar a información en coñecemento propio e empregala en distintos contextos para introducila de forma activa no proceso de aprendizaxe.

UNIDADE 6: Forzas eléctricas e magnéticas

- Determinar os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas.
- Recoñecer os fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e resaltar a importancia da electricidade na vida cotiá.
- Identificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo no desenvolvemento tecnolóxico.
- Diferenciar os tipos de imáns, describir o seu comportamento e concluír mediante experiencias as características das forzas magnéticas postas de manifesto, así como a súa relación coa corrente eléctrica.
- Definir as distintas forzas que aparecen na natureza e os distintos fenómenos asociados a elas.
- Entender a información e familiarizarse co vocabulario sobre electricidade e magnetismo.
- Manifestar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura.
- Executar un traballo experimental co apoio dun guión de prácticas, describindo o proceso e interpretando os resultados.
- Mostrar actitudes de respecto, tolerancia e colaboración á hora de traballar en grupo.
- Ter iniciativa e perseveranza no momento de afrontar problemas e defender opinións de xeito crítico.
- Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC e a información.
- Transformar a información en coñecemento propio e empregala en distintos contextos para

introducila de forma activa no proceso de aprendizaxe.

UNIDADE 7: Electricidade e electrónica

- Definir o fenómeno físico da corrente eléctrica e explicar o significado das magnitudes intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, así como as relacións entre elas.
- Demostrar os efectos da electricidade e as relacións entre as magnitudes eléctricas mediante o deseño e construción de circuítos eléctricos e electrónicos sinxelos, no laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas.
- Resaltar a importancia dos circuítos eléctricos e electrónicos nas instalacións eléctricas e instrumentos de uso cotián, determinar a súa función básica e enumerar os seus distintos compoñentes.
- Entender a información e familiarizarse co vocabulario sobre corrente eléctrica, clasificación de materiais segundo as súas propiedades eléctricas, xeradores de corrente eléctrica, elementos dun circuítto eléctrico, as magnitudes eléctricas e os seus aparellos de medida.
- Manifestar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura.
- Executar un traballo experimental co apoio dun guión de prácticas, dando resposta ao problema, describindo o proceso e interpretando os resultados.
- Mostrar actitudes de respecto, tolerancia e colaboración á hora de traballar en grupo.
- Ter iniciativa e perseveranza no momento de afrontar problemas e defender opinións de xeito crítico.
- Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC e a información.
- Transformar a información en coñecemento propio e empregala en distintos contextos para introducila de forma activa no proceso de aprendizaxe.

UNIDADE 8: As centrais eléctricas

- Resaltar o papel da enerxía nas nosas vidas, recoñecer as diferentes fontes, comparar o impacto medioambiental das mesmas e considerar a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sostible.
- Coñecer e comparar as diferentes fontes de enerxía empregadas na vida diaria nun contexto global que implique aspectos económicos e medioambientais.
- Valorar a importancia de realizar un consumo responsable das fontes enerxéticas.
- Comprobar os efectos da electricidade e as relacións entre as magnitudes eléctricas mediante o deseño e construción de circuítos eléctricos e electrónicos sinxelos, no laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas.
- Valorar a importancia dos circuítos eléctricos e electrónicos nas instalacións eléctricas e instrumentos de uso cotián, describir a súa función básica e identificar os seus distintos compoñentes.
- Coñecer a forma na que se xera a electricidade nos distintos tipos de centrais eléctricas, así como a súa transporte aos lugares de consumo.
- Entender a información e familiarizarse co vocabulario sobre enerxía, os tipos de centrais eléctricas, potencia eléctrica, as instalacións eléctricas da vivenda e o circuítto integrado.
- Manifestar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura.
- Executar un traballo experimental co apoio dun guión de prácticas, describindo o proceso e interpretando os resultados.
- Mostrar actitudes de respecto, tolerancia e colaboración á hora de traballar en grupo.
- Ter iniciativa e perseveranza no momento de afrontar problemas e defender opinións de xeito crítico.
- Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC e a información.
- Transformar a información en coñecemento propio e empregala en distintos contextos para introducila de forma activa no proceso de aprendizaxe.

FÍSICA E QUÍMICA 4º ESO

UNIDADE 1. Magnitudes e unidades

- Identificar a investigación como unha ferramenta fundamental para o mundo de hoxe.
- Formular e comprobar hipóteses desde unha perspectiva científica.
- Usar vectores e ecuacións para a definición de magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuacións de dimensións.
- Distinguir entre erro absoluto e relativo.
- Usar o redondeo e o número de cifras significativas correctas para expresar valores de medida.
- Interpretar gráficas e táboas de datos de procesos físicos ou químicos.
- Aplicar as TIC na elaboración e defensa de proxectos de investigación.

UNIDADE 2. O átomo e o sistema periódico.

- Usar modelos para interpretar a estrutura da materia.
- Coñecer e manexar a Táboa Periódica con destreza.
- Coñecer os elementos da Táboa Periódica, a súa configuración electrónica, as súas propiedades e a súa composición.
- Nomear e formular compostos inorgánicos segundo as normas da IUPAC.

UNIDADE 3. Enlace químico e forzas intermoleculares

- Usar modelos para interpretar a estrutura da materia.
- Coñecer os tipos de enlaces que unen aos átomos.
- Ter presentes as normas e recomendacións da IUPAC nas súas distintas aplicacións.
- Relacionar os tipos de enlaces coas propiedades dos compostos químicos.
- Utilizar a formulación na representación de compostos químicos sinxelos.

UNIDADE 4. Química do carbono

- Afondar na singularidade do carbono e na súa presenza no noso contorno.
- Utilizar a formulación na representación de hidrocarburos sinxelos.
- Analizar a importancia da funcionalidade molecular.
- Ter presentes as normas e recomendacións da IUPAC nas súas distintas aplicacións.

UNIDADE 5. Reaccións químicas. Fundamentos

- Inferir leis químicas nos procedementos estudados.
- Recoñecer a alteración da velocidade nas reaccións moleculares.
- Distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.
- Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros.

UNIDADE 6: Exemplos de reaccións químicas

- Coñecer o comportamento químico de ácidos e bases, así como medir a súa fortaleza utilizando indicadores e/o pH-metro dixital.
- Levar a cabo experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización, interpretando os fenómenos observados.
- Avaliar a importancia das reaccións de síntese, combustión e neutralización en procesos biolóxicos, aplicacións cotiás e na industria, así como a súa repercusión ambiental.

UNIDADE 7: O movemento

- Argumentar o carácter relativo do movemento, caracterizándoo nun sistema de referencia cos seus vectores correspondentes, e representalo.
- Explicar e diferenciar os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea.
- Utilizar correctamente as relacións matemáticas que definen as magnitudes dos movementos rectilíneos e circulares.
- Solucionar problemas de movementos rectilíneos e circulares de forma adecuada.
- Partindo de experiencias de laboratorio ou recursos dixitais, elaborar e interpretar gráficas de

movimentos rectilíneos e circulares.

UNIDADE 8: As forzas

- Analizar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.
- Comprender que as forzas son as causantes dos cambios na velocidade dos corpos, e saber representalas.
- A partir dos principios da dinámica, resolver problemas nos que interveñen varias forzas.

UNIDADE 9: Forzas gravitatorias

- Comprender a importancia histórica e científica da unificación das mecánicas terrestre e celestial grazas á lei de gravitación universal.
- Relacionar a lei de gravitación universal co movemento orbital e o de caída libre.
- Recoñecer as aplicacións dos satélites artificiais e o problema do lixo espacial.

UNIDADE 10: Forzas en fluídos

- Asimilar que os efectos dunha forza dependen da súa intensidade e da superficie de contacto.
- Interpretar os principios da hidrostática a partir de leis naturais e, así as aplicar a medios tecnolóxicos. Solucionar problemas matemáticos a partir destas leis.
- Mostrar o comportamento dos fluídos a partir dos coñecementos adquiridos.
- Describir fenómenos meteorolóxicos e mapas do tempo a partir da presión atmosférica.

UNIDADE 11: Traballo e enerxía

- Afondar na transformación da enerxía, no principio de conservación, nas distintas fontes, e aplicar o seu coñecemento na resolución de problemas.
- Entender que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, e saber recoñecelos cando se producen.
- Resolver problemas a partir das ideas de traballo e potencia, e expresar as súas unidades de forma correcta.

UNIDADE 12: Enerxía e calor.

- Relacionar a calor cos efectos que produce.
- Entender a importancia histórica e actual das máquinas térmicas.
- Entender as limitacións enerxéticas das máquinas térmicas e aprender como mellorar o seu rendemento.

5.2- CONCRECION DOS ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

A concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación se indican na programación de cada nivel (2º ESO, 3º ESO e 4º ESO), e especificando para cada unidade didáctica os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxes, temporalización, procedementos de avaliación, mínimos esixibles e instrumentos de avaliación.

6.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

Utilizarase unha metodoloxía mixta, favorecendo a aprendizaxe guiado que contemple a **metodoloxía CIENTÍFICA**. As actividades plantexaránse para que o alumno, partindo dos seus coñecementos previos e da observación, sexa capaz de facer unha recollida de datos para poder elaborar unhas conclusións correctas.

As actividades que propoñeremos deberán ter algunha ou varias das seguintes **características**:

- Ser globalizadoras e estar secuenciadas en función dos coñecementos.
- De actualidade científica.

- Deben atender á diversidade do alumnado.
- De experimentación (laboratorio) e a través de modelos científicos adaptados.
- Motivadoras para alumnado e profesorado.
- Potenciadoras da autoestima.

Hai que ter en conta os coñecementos previos, xa que os alumnos constrúen o seu coñecemento científico a partires das súas ideas e das súas representacións previas; de aí a importancia de comezar detectando os coñecementos que eles teñen e, corrixir os erros que poidan obstaculizar o aprendizaxe posterior. Para que os coñecementos científicos sexan interiorizados polos alumno as novas ideas han de ter sentido para eles, é dicir, que se apoién en experiencias achegadas a eles.

A linguaxe será directo, concreto e claro, sempre usando a linguaxe e os procedementos científicos, destacando as ideas principais cunha estrutura lóxica. Utilizaranse exemplos concretos que sirvan de soporte á introdución dos conceptos.

É necesario adestrar sistematicamente os procedementos que conforman a base da materia. Aínda que a finalidade do área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións se suscitan. Para iso necesitamos un certo grado de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos do área, sobre todo naqueles que usan con frecuencia procesos de método científico, o traballo en grupo aporta, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas, unha ferramenta perfecta para discutir e profundar en contidos de carácter transversal, como o exposto sobre o método científico.

Doutra banda, cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; por iso, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Física e Química é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, o que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos. Tamén hai que ter en conta que é unha ciencia experimental. Polo tanto é importante a realización de prácticas no laboratorio, onde se podan observar de maneira directa os conceptos e onde se podan traballar parte dos procedementos propios da mesma.

Estratexias metodolóxicas: actividades e contextos de aprendizaxe

As actividades de aprendizaxe que empregaremos na nosa práctica docente, de deseño aberto e variada oferta, serán dos seguintes tipos:

- De iniciación ou motivación: Serven para atraer a atención do alumnado sobre o tema ou traballo a desenvolver e centralo en función dos seus intereses. Poden ser desde a observación dun vídeo, ou plantexamento dun problema ou pregunta que induza á proposta de hipóteses, Observación dun experimento.
- De enfoque: Proporcionan a base para entrar no tema, como visionado de modelos, representacións (gráficas, esquemas, mapas...), realización de actividades TIC (interactivas, “e-learning”, simulacións ...), experiencias de laboratorio, asistencia e participación en charlas, coloquios e visitas científicas a- Museos, exposicións, ou empresas, entre outras.
- De ampliación Manteñen ao alumnado mentalmente activo e promoven a asimilación e a formación de conceptos. Como a realización de exercicios e problemas prácticos, postas en común, avaliacións conxuntas ou explicación do traballo aos demais.
- De síntese ou finais: Resumen a secuencia de instrución. Centran os conceptos importantes. como

facen resúmenes, mapas conceptuais, definir conceptos clave, elaborar e interpretar esquemas, gráficos, táboas, resúmenes..

Contextos de aprendizaxe

O traballo de aula organízase en unidades didácticas nas que se propoñerán actividades ós alumnos e alumnas. Estas actividades, detalladas no apartado anterior, contextualízanse de acordo cos obxectivos previstos e cos materiais e recursos didácticos dos que se dispón en cada momento, seguindo en xeral a secuencia lóxica: actividades de iniciación, de enfoque, de ampliación e de síntese.

Non cabe unha separación entre os traballos de laboratorio, de clase e na aula de informática. Aínda que representan lugares e tempos diferentes, procuraremos que exista unha clara interrelación baseada nunha unidade dos contidos

Temporalización: consideracións xerais e propostas de modificación

En xeral respectaremos a evolución e disposición do alumnado cara á materia de aprendizaxe, dándolle prioridade á motivación para aprender sobre calquera tipo de rixidez relacionada coa cantidade de contidos ou axuste temporal dos mesmos. Indicaremos a temporalización prevista en horas/nº de sesións para cada bloque de contido (aproximada) e, de ser o caso, para cada actividade concreta na táboa correspondente.

O número de sesións asignados a cada unidade/bloque de contido poderá modificarse de acordo coa capacidade de aprendizaxe de cada grupo de alumnos, así como da súa actitude e o seu interese.

En xeral tentaremos evitar repeticións innecesarias e favorecer determinados aspectos dos bloques temáticos comúns a máis dun curso, así como potenciar a coordinación con outros departamentos didácticos cos que compartimos contidos similares, co obxectivo de poder cumprir en maior medida a temporalización que se propoña.

Se é necesario, se lle dará prioridade ou axustaranse os contidos de determinadas unidades didácticas tendo en conta os mínimos e a experiencia de anos sucesivos para adecuar o número de sesións á realidade do tempo dispoñible.

En 4º ESO axustaremos o mellor posible a temporalización, de xeito que se poidan impartir a totalidade dos contidos programados.

7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Por imperativo legal (DOG do 25 de maio do 2010), a materia de Física e Química tense que impartir en castelán.

O libro de texto utilizado é:

2º ESO: Física y Química 3º ESO. Serie Investiga “Proyecto Saber hacer”. Ed. Santillana.

3º ESO: Física y Química 3º ESO. Serie Experimenta “Proyecto Saber hacer”. Ed. Santillana.

4º ESO: Física y Química ESO 4. Serie Investiga “Proyecto Saber hacer”. Ed. Santillana.

Material reproducible con distintas actividades de reforzo, ampliación ou autoavaliación de produción propia ou de distintas editoriais.

Material dixital: O centro conta con un aula de informática que dependendo da súa dispoñibilidade poderase utilizar para o manexo de diferentes programas que sirvan de reforzo o explicado na clases e tamén contamos con un ordenador en cada aula e un proxector, o que favorece o traballo con materiais audiovisuais e modifica a maneira de explicar determinados conceptos na aula. O departamento ten previsto utilizar a aula virtual do centro.

Procurarase realizar algunhas prácticas de laboratorio, de ser posible unha a lo menos por trimestre, tendo en conta a pobre ventilación que posúe (unha ventá ridícula e unha oscilante de escasa

apertura) que impide unha ventilación cruzada eficaz, a dispoñibilidade horaria do laboratorio (compartido con Bioloxía e Xeoloxía, Matemáticas e Educación Primaria) e a necesidade de explicar un temario determinado. Para poder realizar unha determinada práctica, non só é preciso o material de laboratorio senón que tamén é necesario o uso dun guión, que se entregará ó alumno, onde encontrarán recollidos os obxectivos, procedementos, e tratamento de datos necesarios. As conclusións, xunto con todo o anterior deben ser recollidos e tratados no caderno de clase na orde correcta.

8.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

a) Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación é un proceso esencial no noso labor didáctico e debe estar dirixida (segundo propón o programa da reforma educativa) a medir a eficacia de todo o proceso de ensino - aprendizaxe, e non só o éxito na aprendizaxe dos alumnos/as.

A avaliación deberá ter, pois, dúas vertentes: A valoración que o profesorado facemos do noso traballo en relación ao que poden aprender os alumnos/as (función reguladora da avaliación, para reconducir ou axustar a programación establecida).

- Constatación do grao de consecución dos obxectivos e criterios de avaliación por parte dos alumnos/as (función acreditadora da avaliación).

A avaliación debe estar integrada no proceso de ensino - aprendizaxe, e polo tanto non pode reducirse a actuacións illadas, senón que ten que desenvolverse de xeito continuo, facilitando información sobre tódolos compoñentes do proceso e das relacións que se establecen entre eles, para que o profesorado poida utilizar os seus resultados na reorientación tanto da súa metodoloxía, como da programación en xeral.

A avaliación efectuarase mediante a observación do traballo do alumno na clase, sendo instrumentos adecuados para iso:

- caderno de clase, no que estará reflectido o traballo persoal do alumno. Debe recoller tódalas actividades individuais propostas, incluídas as fichas de traballo individualizadas. Pedirase ó alumno cando o profesor o estime oportuno para a súa revisión. O alumno debe levar o caderno ó día, e corrixir ou completar as actividades tras as postas en común.
- Os traballos, actividades presentadas por escrito ou en soporte multimedia utilizando a aula virtual. Poderán ser os informes sobre prácticas realizadas no laboratorio, cuestionarios da aula virtual, informes monográficos individuais o en grupo ou comentarios de texto sobre lecturas voluntarias ou obrigatorias.
- Probas escritas, onde o alumno demostre tanto o dominio de conceptos como de destrezas básicas adquiridas, para o que tivo que realizar un traballo persoal e diario durante todo o curso. Terán como referencia os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados. Cando sexa posible estas probas corrixiranse en clase.
- Actitude cara a materia: Observación directa sobre o interese, participación, esforzo no traballo, puntualidade na entrega de traballos, actitude correcta nas actividades de aula ou fora dela (laboratorio, actividades complementarias e extraescolares...)

O alumnado será informado desde o principio de curso de como vai ser avaliado, facendo especial referencia a matices propios da área de Física e Química e do estilo docente do profesorado, cos que os alumnos/as é posible que non estean familiarizados.

b) Criterios de cualificación:

- Probas escritas, polo xeral dúas por avaliación. Serán cualificadas entre 0 e 8 puntos. Contará como un 80% da nota da avaliación (conta ata 8 puntos para a nota da avaliación).
- Actividades individuais: Cada actividade proposta e ben realizada cualificarase positivamente, mal realizadas non se cualificarán, e non realizadas cualificaranse negativamente. Inclúese nestas actividades o traballo diario, actividades propostas, exercicios e cuestións. Contará como un 10% da nota da avaliación. (conta ata 1 punto para a nota da avaliación).

Informes de prácticas de laboratorio: É obrigatorio incluír tódolos apartados que se piden no guión para o informe de prácticas. Se valorará especialmente que se realice unha análise rigorosa dos resultados experimentais, a realización de gráficas, o coidado no uso das unidades, a notación científica e o número de cifras significativas. Contará como un 10% da nota da avaliación (conta ata 1 punto para a nota da avaliación).

c) Sistema de cualificación final e promoción do alumnado:

A nota da avaliación ordinaria de xuño será a media aritmética das tres avaliacións parciais, que terán que estar aprobadas. A nota numérica que figurará nas actas de avaliación e nos boletíns será resultado do redondeo ao número enteiro que corresponda a cada cualificación.

d) Recuperacións.

Se farán recuperacións para tódolos alumnos que no alcancen unha avaliación positiva. Será unha recuperación continua, mediante unha proba escrita que terá lugar despois da avaliación parcial. Nalgúns casos específicos poderase recuperar mediante a realización de actividades e exercicios.

O alumnado que, tendo en conta todo o anterior, non estea en condicións de obter unha cualificación final superior a 5 puntos, será avaliado na proba extraordinaria de xuño. Os contidos desta proba estarán axustados aos mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva, especificados nos contidos de cada materia.

e) Propostas de mellora no proceso do ensino e a práctica docente

Resumimos aquí as principais propostas de mellora que se desprenderon da análise realizada na Memoria Final do Departamento de Física e Química do curso 2020-21 sobre o proceso de ensino e a nosa práctica docente:

	Propostas de mellora
Planificación	Axustar a temporalización global e a de determinadas actividades. Mellorar e aumentar no posible as actividades prácticas no laboratorio.
Metodoloxía	Deseñar máis actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma e dos conceptos clave.
Atención á diversidade	Mellorar na medida do posible a atención á diversidade. Propoñer actividades de maior nivel para alumnado con maiores ritmos de aprendizaxe.
Seguimento e avaliación	Mellorar no diagnóstico derivado da avaliación inicial.

9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO E

AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Todos os alumnos que pasando de curso teñan a materia de 2º ou 3º ESO suspensa deberán aprobala durante o seguinte curso. Para facilitar o estudio da mesma entregaranse uns boletíns con actividades correspondentes os contidos mínimos da materia suspensa no primeiro trimestre, que deberán entregar obrigatoriamente no momento de realizar o exame.

As dúbidas que poidan aparecer procurarán atenderanse fóra do horario, incluído nos recreos dispoñibles.

No comezo do terceiro trimestre, nas datas que comunique a Xefatura de Estudos, realizarán un exame dos contidos mínimos de toda a programación e farán entrega das actividades.

Para superar a proba será necesario acadar **5 puntos** sobre un máximo de 10. A cualificación obterase ponderando nun 80% a nota do exame e un 20% as actividades. No caso de que as actividades non sumen, se garantirá unha nota final igual á que o alumnado obtivo na proba escrita.

10.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os estándares de aprendizaxe, considerados como concrecións dos criterios de avaliación do currículo de cada area ou materia, permítenos definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Os indicadores de logro permítenos avaliar as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada estándar.

Este feito permítelle ao docente, ao mesmo tempo, avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada estándar de aprendizaxe.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades....
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cosas distintas as planificadas intencionalmente. Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente inclúese unha rúbrica da Práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:

- Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.

- Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
- Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de Avaliación formulados.
- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo as TIC e o uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.
- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen o alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
- Interacción co alumnado. Relación fluída do docente co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Avaliación das aprendizaxes. Avaliación dos Contidos e das Competencias adquiridos a través dos Estándares de Aprendizaxe.

Rúbrica de Avaliación da Práctica Docente	Pouco Satisfactorio	Satisfactorio	Moi Satisfactorio	Aspectos positivos a destacar	Aspectos a mellorar	Plans e propostas de mellora
Temporalización de contidos						
Exposición da información						
Eficacia das actividades e recursos						
Variedade de recursos						
Estratexias de motivación do alumnado						
Interacción co alumnado						
Avaliación das aprendizaxes						

11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial, tal como indica a Resolución do 15 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado. Seguiremos, en todo caso, as directrices que establezan o Departamento de Orientación, a Xefatura de estudos e a Comisión de coordinación pedagóxica.

Os obxectivos que se deben perseguir coa mesma son:

- Coñecer a situación inicial na que se atopa o alumnado
- Coñecer a evolución educativa e académica de cada alumno e alumna ao principio de cada curso.
- Coñecer a dinámica, tanto desde o punto de vista da actitude como desde o punto de vista académico, do grupo non seu conxunto.

Instrumentos

Se utilizaran como instrumentos para a avaliación inicial:

- O expediente académico e os informes individualizados do curso anterior do alumnado, nos que constarán as dificultades de aprendizaxe presentadas e as medidas de atención á diversidade aplicadas, se fose o caso.
- A información dos profesores, se a houbera, do Departamento Física e Química que impartiron docencia a cada alumno e alumna o curso académico anterior.
- A información sobre o entorno familiar e social que poida achegar, por unha parte, o propio alumnado e, por outra, os titores do curso anterior ou a Xefatura de Estudos.
- O seguimento diario da actitude e do rendemento do grupo.
- Proba escrita sobre contidos mínimos que debería ter adquiridos o alumnado nos cursos anteriores.

Aspectos fundamentais a diagnosticar individualmente

Os aspectos fundamentais a diagnosticar de xeito individual será a existencia dalgún tipo de trastorno, dificultades de comprensión, de expresión, falta de capacidade, falta de hábito de traballo, e o grao de interese pola materia.

Tamén haberá de ter en conta a existencia dalgún tipo de problemática familiar que poida incidir no rendemento do alumno ou alumna así como o comportamento na aula (atención ás explicacións, respecto, participación, puntualidade,...) e a integración no grupo.

Aspectos fundamentais a diagnosticar globalmente en cada grupo

E importante diagnosticar a nivel de grupo o nivel medio de partida na materia así como o seu grao de homoxeneidade no nivel de partida na materia. O número de alumnos e a dinámica do grupo (atención ás explicacións do profesor ou profesora, respecto, participación, puntualidade,...).

Medidas

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado así como o apoio e asesoramento do Departamento de Orientación.

Algunhas destas medidas a nivel individual poden ser unha atención máis individualizada na aula, intentar crear un hábito de traballo diario, reforzo educativo impartido polo propio profesor ou profesora da materia, e no caso de ser preciso propoñer unha adaptación curricular.

A nivel de grupo as medidas poden ser a realización de axustes na secuenciación dos contidos que figura na Programación Didáctica, modificacións na temporalización prevista das unidades didácticas, cambios na metodoloxía empregada, e a reordenación do alumnado na aula.

12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL

Para conseguir unha ensinanza eficaz e preciso adaptar os procesos de ensinanza e aprendizaxe ás características persoais dos alumnos con respecto ós diferentes ritmos de aprendizaxe. Para isto haberá que personalizar en certo modo a metodoloxía e os niveis de esixencia.

Debido á diversidade, así como ás características específicas do alumnado, os ritmos no proceso de aprendizaxe son diferentes. Para iso é preciso deseñar unha serie de actividades que permitan que este tratamento se leve a cabo do mellor xeito posible. En todo momento, estableceremos unha diferenciación entre actividades básicas (de reforzo) e actividades complementarias (de ampliación) nas unidades didácticas.

As actividades de **reforzo e ampliación** aplicaráselle, respectivamente a aquel alumnado que:

- a) presente dificultades de aprendizaxe, por carecer de motivación ou por outros motivos que poidan presentar.
- b) teña un nivel de motivación maior, que permitan un tratamento máis ampliado de certas cuestións.

No primeiro caso seleccionaranse actividades de síntese, sinxelas, que fagan fincapé nos conceptos básicos e versen sobre os contidos mínimos. As referencias en cada unidade didáctica a aspectos xa tratados nas anteriores serán consideradas como unha medida de reforzo de gran importancia.

No segundo caso irán encamiñadas á realización de traballos de ampliación eminentemente prácticos e de carácter voluntario, con actividades atractivas e que normalmente están fora do tratamento dos contidos que se fan na aula. Centraranse en aplicacións científicas e tecnolóxicas de interese social, ou en investigacións bibliográficas sobre diversas cuestións científicas.

Atención a alumnos e alumnas repetidores

O departamento elaborará os programas que correspondan despois do análise individualizado da marcha académica do alumnado, ao que se procederá durante o primeiro trimestre. O departamento, o profesorado que imparta a materia e o profesorado titor actuarán e permanente coordinación en todo o relativo á marcha académica do alumnado repetidor, sempre segundo as directrices que determine a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Algunhas das medidas que se adoptarán serán:

- Revisión e seguimento periódico específico das tarefas escolares.
- Simplificación das tarefas, se o ritmo de aprendizaxe o fai preciso, tomando como referencia os mínimos esixibles.
- Comunicación continua co profesor/a titor/a en todo o relativo o rendemento académico e actitudes deste alumnado

Adaptacións curriculares significativas

Enténdese por Adaptación Curricular Significativa (ACS) a proposta curricular específica para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE). Nesta proposta introdúcense modificacións significativas dos elementos prescriptivos do currículo común—obxectivos, contidos e criterios de avaliación— e pode afectar a unha, varias ou tódalas áreas.

Dificultades derivadas da fenda dixital

En canto ás dificultades do alumnado derivadas da fenda dixital, realizarase unha enquisa entre o alumnado para poder saber a dispoñibilidade de material informático e de telecomunicacións na súa casa (tipo de ordenadores, tablets, smartphones, smart tv, webcam, impresora, escáner, programas, sistemas operativos, apps...), así como a dispoñibilidade de conexión a internet (adsl, fibra...), e poder saber en que condicións se pode levar a cabo a teledocencia en caso de ensinanza semipresencial ou en outros supostos de confinamento ou cuarentena.

ACIS

No presente curso, tal como foi determinado polas avaliacións psicopedagóxicas realizadas polo Departamento de Orientación do centro e comunicadas ao profesorado que a imparte, hai dous alumnos en 4º ESO con ACS, que xa tiñan ACS en Física e Química nos cursos anteriores.

Todos aqueles alumnos aos que o longo do curso sexa preciso facerlles una Adaptación Curricular nalguna materia do Departamento, este facilitaralles materiais didácticos adaptados (contidos de adaptación curricular e fichas de adaptación curricular) feitos polo departamento ou ben de algunha editorial adaptada as súas capacidades.

O alumnado será avaliado en función dos logros establecidos na súa ACS.

13.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

En educación secundaria obrigatoria, sen perxuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias. (DOG 120 29 xuño do 2015).

Séguese traballando a partir dos temas transversais que se corresponden á a Educación moral e cívica, Educación para a paz e la convivencia, Educación ambiental, Educación del consumidor, Educación para la igualdade de oportunidades entre sexos, Educación para a saúde e a Educación Vial. Desenvólvense nos diversos contidos curriculares de tódalas áreas da ESO. Non son unhas áreas con entidade autónoma senón que impregnan os contidos das diversas áreas. Serían:

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación traballarase na aula a través da lectura comprensiva de textos científicos e de divulgación e mediante a realización de traballos individuais e ou grupais sobre aspectos recollidos na programación que requiran o uso das novas tecnoloxías.

O alumnado afianzará o seu espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo e a confianza nun mesmo mediante actividades de grupo como as prácticas de laboratorio, pois estas tarefas obrigan a todos os alumnos a tomar parte activamente no seu desenvolvemento.

Educación moral e cívica: Fomentarase unha actitude receptiva, colaboradora e tolerante nas relacións entre individuos e nas actividades en grupo. Unha valoración positiva da existencia de diferencias entre as persoas e entre os grupos sociais pertencentes á nosa sociedade ou a outras sociedades ou culturas diferentes á nosa. Actitude crítica ante calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias individuais ou sociais.

Educación para a paz: Traballarase o recoñecemento do diálogo como medio para resolve-las discrepancias nas opinións así como os diversos tipos de conflitos, tanto interpersoais como sociais. Reflexión sobre as consecuencias negativas que pode carrea-la mala aplicación dalgunhas investigacións científicas.

Educación para a saúde: Posta en práctica das normas de seguridade propias dun laboratorio para evitar accidentes. Toma de conciencia dos perigos que entraña a manipulación da electricidade. Potenciación e desenvolvemento dos hábitos de hixiene e coidado corporal. Interese por coñecer os efectos negativos das drogas e o alcol sobre o sistema nervioso.

Educación para a igualdade entre os dous sexos: Se fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, facendo fincapé na contribución das mulleres ao avance científico, sen esquecer o inxusto segundo plano ao que foron relegadas moitas grandes científicas.

Educación ambiental: Análise crítico das vantaxes e dos inconvenientes de cada un dos recursos enerxéticos empregado na nosa sociedade. Identificación dos principais problemas que afectan á conservación do medio ambiente relacionados co esgotamento de recursos, a contaminación ambiental, a radioactividade dos residuos nucleares, a choiva aceda, etc.

Educación do consumidor: Conciencia das repercusións que producen no medio os refugallos de todo tipo de produtos e materiais. Adquisición do hábito de se informar, como consumidores, da composición dos produtos que consomen.

Educación vial: Promoveranse accións para a prevención dos accidentes de tráfico, respectando as normas e os sinais, estudando magnitudes físicas como a velocidade e transformando as súa unidade máis frecuente, o km/h, en m/s, para facer fincapé na distancia percorrida polos vehículos a velocidades típicas en vías urbanas e interurbanas.

Todos estes elementos transversais trataranse en todas as unidades, ben como actividades para traballar os estándares de aprendizaxe, ou mesmo como indicadores de logro para os estándares e criterios e avaliación fixados na programación de esta materia.

14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Estarán condicionadas polas normas de actuación derivadas da situación COVID-19.

Dentro das actividades complementarias que se considerarían planificar para este curso, o departamento intentará participar con algún outro departamento que visite A Coruña a fin de aproveitar a viaxe e visitar a Casa das Ciencias (da que o Centro é socio). Posible visita á planta de reciclaxe de Servia.

O departamento estará aberto a participar en actividades que podan ir aparecendo ó longo do curso académico relacionadas cas materias asignadas a este departamento que incluírase tanto nos informes do departamento como na memoria final do curso.

15.- REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A revisión avaliación e modificación da programación farase tendo en conta os indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a practica docente. A avaliación desta programación quedará rexistrada mediante:

1. A inclusión na orde do día de todas as reunións mensuais do Departamento de Física e Química dun punto sobre o seguimento e grao de cumprimento da programación didáctica.
2. A elaboración da Memoria Final de curso do departamento, onde se recollerán as modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica e os seus motivos, contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista, se analizarán os resultados das avaliacións finais ordinarias e se farán propostas para a súa revisión.

Indicadores para avaliar a programación

	Escala			
	1	2	3	4
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas				
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
Adecuación do libro de texto.				
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha avaliación.				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				

Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Modificacións dos aspectos procedimentais. Propostas de mellora

Tratarase de facer mais atractiva e menos árida a materia, sobre todo as unidades de física, e buscar algunha práctica sinxela para ditas unidades didácticas.

Facer exercicios numéricos fixándonos unicamente nos conceptos para mellorar a comprensión e a realización dos mesmos facilitando a aprendizaxe.

Utilizar a aula virtual con animacións interactivas e a realización de cuestionarios de reforzo sobre as cuestións teóricas da materia para interesalos pola materia.

Mellorar no posible os cuestionarios e amplialos, así como buscar animacións adecuadas o seu nivel.

Lousame 20 de setembro de 2021

Jesús M^a Teira Rois

Xefe do departamento de Física e Química